

Relatores



Alberto Lázaro

Director de Onfran

Enxeñeiro industrial e MBA. Foi director de organización e sistemas no sector industrial e consultor de desenvolvemento de negocio no sector das telecomunicacións. Desde 2004 presta servizos de consultaría ás redes comerciais e desde 2006 dirixe

ONFRAN, empresa especializada en mercadotecnia dixital e ferramentas tecnolóxicas para franquías (Lizarrán, Neck & Neck, Santiveri, Biothecare, etc.). Profesor da Escuela de Negocios Caixanova. Autor dos blogs SobreFranquicias.com e Tuapli.com (aplicacións para Facebook)

Twitter: <http://twitter.com/albertolazaro>



José Alcañiz

Director de Buscadesminos.com

Economista e MBA. Profesional das novas tecnoloxías desde 1999, dirixe Buscadesminos.com, central de reservas que alcanzou altas cotas de crecemento desde a súa creación en 2007 grazas en parte a súa estratexia de comunicación en redes sociais. Tamén

dirixe www.vino-albarino.com e Esterea Proxectos, empresa desde a cal ofrece servizos de consultaría relacionados con novas tecnoloxías. É coorganizador de The Monday Readin Club Vigo.

Twitter: <http://twitter.com/josealcaniz>
 Blog: <http://www.josealcaniz.com>



Rubén Bastón

Social Media Director de Elogia

É Social Media Director da axencia de mercadotecnia dixital Elogia. Coautor de de libros colaborativos dos inicios da web 2.0 en España: "web 2.0 e empresa: manual de aplicación en entornos corporativos", "Libro

Branco dos medios sociais". Relator habitual en actos de Social Media, é con 28 anos, o directivo máis novo da compañía na que dirixe un equipo de 12 profesionais, entre Vigo e Barcelona, e coordina campañas de social media en España, Italia, Portugal, México, Brasil e Arxentina.

Twitter: <http://twitter.com/rubenbaston>
 Blog: <http://www.rubenbaston.org>

As redes sociais e a súa utilidade real máis aló das modas

Data e lugar
 Martes 20 de setembro de 2011

Salón de actos do Círculo de Empresarios de Galicia-CFV
 García Barbón, 62 Vigo

Hora de Inicio
 17:00 horas

Data límite de inscrición:
 19 de setembro de 2011 (aforo limitado)



Colabora



Coa participación de



Confirmación de asistencia por e-mail: inscribeforos@clubfinancierovigo.com ou por fax ao 986 449 886. Asistencia de Balde mediante invitación. Prazas limitadas (seguirase unha orde por data de reserva).

Nome e Apellidos: _____

Empresa: _____

Sector: _____

Teléfono: _____ **Fax:** _____

Correo electrónico: _____

www.clubfinancierovigo.com

O Círculo de Empresarios de Galicia-CFV, rúa de García Barbón 62-36201 Vigo, infórma de que os seus datos de carácter persoal achegados neste boletín de inscrición serán incorporados aos nosos arquivos e tratados de xeito automatizado. De acordo co establecido na LOPD 15/99 de 13 de decembro (Lei Orgánica de Protección de Datos), vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, conforme á antedita lei. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito á compañía calquera modificación que se produza nos datos achegados no enderezo ou correo electrónico sinalados.

As redes sociais e a súa utilidade real máis aló das modas



Martes 20 de setembro

17:00 horas



Introdución

OBXECTIVO DA XORNADA:

Difundir entre as empresas do entorno a utilidade real das redes sociais, analizando casos prácticos de éxito e fracaso para axudalas a determinar se o seu uso lles pode beneficiar ou non. Axudar a determinar a verdadeira utilidade das mesmas máis aló das modas, illándoas de todo o ruído mediático.

DESCRICIÓN DA XORNADA:

Actualmente está a haber un verdadeiro boom no eido das redes sociais e estanse a promocionar como a ferramenta que todas as empresas deberían utilizar para vender. O certo é que a maioría das veces as redes sociais non serven para vender, senón para fidelizar e para comunicarse. Esta xornada trata de ir máis aló do ruído mediático e as consígnas do “hai que estar alí” para amosar de xeito subxectivo a verdadeira natureza destas redes, tratando de analizar a verdadeira utilidade que poden ter para cada tipo de empresa.

Por iso mostraránse casos de éxito de Pemes, pero tamén casos de fracaso así como os factores que contribuíron en ámbolos dous casos a ese resultado. Deste xeito cada un poderá avaliar se a súa empresa debe estar ou non nas redes, ou no caso de xa estar nelas, que cuestións se poden estar xestionando ben ou mal.

Programa

17:00 Apertura da xornada

Saúdo e benvida

Marcelino Otero López
Presidente do Círculo de Empresarios de Galicia

Presentación da xornada

José Manuel Alarcón
Membro do Comité do Foro de la Sociedad de la Información del Círculo de Empresarios de Galicia

“O reto das redes sociais na Peme”

Alberto Lázaro
Director de Onfran

Nun entorno globalizado, internacionalizado e con todo o mundo accedendo aos mesmos recursos, a diferenciación funcional no produto non é dabondo. Ademais, na era da información o cliente estará ateigado de propostas, todas dispoñibles a poucos clics. Pero esta explosión de oferta e outros cambios sociais xeran tamén moitas oportunidades onde o éxito xa non é só función do orzamento. Neste difícil entorno, as redes sociais ofrecen unha oportunidade como ferramenta, como vehículo para achegar unha proposta diferencial ó cliente. Pero o reto non está no uso das redes sociais, está na proposta diferencial. Agora máis que nunca.

“Buscadesminos.com: caso de éxito dunha Peme nas redes sociais”

José Alcañiz
Director de Buscadesminos.com

Buscadesminos.com é unha peme galega que debe competir en Internet con grandes xogadores do sector turístico nun entorno cheo de atrancos. O seu director exporá de que xeito están a aplicar as ferramentas da web 2.0 para chegar a miles de clientes coas súas ofertas de escapadas de fin de semana, con imaxinación e grazas a un correcto uso de SEO, Blogs, Facebook e outras aplicacións.

“Fail Studies: aprende dos erros que outros xa cometeron en Social Media”

Rubén Bastón
Social Media Director de Elogia

Xogando co concepto de “case studies”, orientados a casos de éxito, nesta presentación danse a coñecer “casos de fracaso”, empresas grandes ou pequenas que sufriron unha crise de comunicación en redes sociais ou que o fixeron rematadamente mal. Os seus erros poderán servir como panca dos nosos éxitos.

18:30 Coloquio

Moderador: José Manuel Alarcón

19:30 Sesión de encontros entre relatores e asistentes

Servirase un aperitivo no Salón Social do Círculo de Empresarios.